



PUNTA LAPA-PUNTA CABICASTRO

Adela Leiro, Mon Daporta

Unha ruta lineal, con desvíos, pola costa do mar aberto entre as rías de Arousa e Pontevedra -mar da Lanzada (Punta Lapa) ata Punta Cabicastro- para gozar dunha boa camiñada por lugares pouco habituais (o rochedo na baixamar), da paisaxe e as forzas que a modelan, e dunha ampla e sorprendente diversidade xeolóxica que vai desde os granitos erosionados pola actividade física e química da auga; os sedimentos pregados, retorcidos e metamorfixados; ás formas e ás pegadas da oscilación do nivel do mar ao longo do tempo; todo isto complementado cunha rica flora e fauna asociadas aos cantís e ás dunas, e pechando os ollos ás incontables agresións, sobre todo urbanísticas, que pelexan por estragalo.

Distancia: total: 40 km aprox.

Distancia lineal por estrada, sen desvíos, entre Con do Corvo (Pta. Lapa) e a entrada ao acceso a Pta. Cabicastro: 7 km

Dificultade: media, con zonas complicadas nos cantís.

Duración: depende a modalidade escollida. O máis rápido é facela en coche con varias paradas curtas nas praias e cabos.

Para percorrela completa e gozar de cada lugar hai que facelo en varias xornadas e con marea baixa para percorrer as zonas dos cantís pola parte baixa.



Praia de Foxoa e Punta da Ermida coa capela e a torre.



1-Punta Lapa: cantís de pouca altura en granitos moi alterados entre os que se aprecian algún “bolos”, neis con filóns, micropregamentos e formacións de seixo curiosas.

2-Outeiriño: illote de bolos graníticos unido a terra por unha frecha areosa que só cobren as grandes mareas.

3-Praia de Area Gorda: cantís de pouca altura en granitos moi alterados con “bolos”.

Punta Lapa a Outeiriño: 500 m, pola estrada, ou 675 m, pola praia. Percorrido polo Outeiriño, circular: 600 m. Percorrido pola praia de Area Gorda: 500 m.


4-Punta da Ermida: o traballo do mar sobre as rochas, as boleiras, zonas de contacto entre as rochas intrusivas erosionadas (granitos) e as metamórficas (neis filonianos) máis recentes que se incrustan entre elas.

Un complemento histórico-etnográfico: excavacións, torre defensiva e capela románica.


Desde o acceso ao Outeiriño ata o desvío de acceso a capela: 300 m, desvío (400 m ida e volta). Percorrido polo entorno da capela: 400 m.

5-Praia de Foxos: dunas residuais, cantís con estratos verticais en neis, zonas de contacto con granitos e micropregamentos.

A saída dun dos desvíos á capela coincide co acceso á praia de Foxos. Percorrido pola praia: 1.000 m.



Cantís e boleira na Punta da Ermida



Punta Lapa.
Zona de contacto de granitos e neis.



O Outeiriño



Cantís e furnas en Area Gorda



Praia de Foxos e Punta da Ermida



Praia Fontiñas: distintos tipos de rochas: conglomerados, neis...



Vista desde Punta Corveiro cara á praia de Fontiñas

6-Praia de Fontiñas: unha gran diversidade de agrupacións de materiais (conglomerados, brechas, neis), micropregamentos, furnas, rasa de abrasión e cantil fósil.

Praia de Foxos a acceso a praia de Fontiñas: 700 m. desvío: 200 m (lineal). Percorrido pola praia de Fontiñas 1 km (ida e volta)

7-Punta Corveiro: pregamentos, rochas con grandes cristais de granate, estratos inclinados.

Acceso da praia de Fontiñas a acceso a punta Corveiro: 200 m. Desvío a punta Corveiro 600 m (lineal). Percorrido e baixada ao Corveiro 500 m (ida e volta).

8-Os Fornos: rasa de abrasión, furnas.

9-Punta Corveso: vistas sobre Punta Faxilda, Os Fornos e Punta Corveiro; derrubes nos cantís.

10-Punta Faxilda: Rasa de abrasión, derrubes nos cantís.

O acceso a punta Corveso e a punta Faxilda faise desde o mesmo lugar que o de punta Corveiro e complétase nun percorrido circular de 2.700 m. entre Corveso e Faxilda hai un carreiro duns 500 m.

A ruta ata Os Fornos desde punta Corveso é duns 700 m (ida e volta)



Os Fornos



Pregamentos en Punta Corveiro



Punta Faxilda desde Punta Corveiro



Punta Corveso e cantís de punta Corveiro desde Punta Faxilda



11-Praia Magor: dunas, praia fósil, brechas, vales colgados, desembocadura dun pequeno rego, formacións de neis con filóns de seixo e cristais de andalucita e kiastolita.
 Desde o acceso a Corveiro e Faxilda ata o acceso a praia Magor: 1 km
 Percorrido por praia Magor e arredores 2,5 km.

12-Pragueira-Bascuas: salto na desembocadura dun pequeno rego, furnas, pregamento con fallas.
 Desde Magor ao acceso a praia Pragueira: 700 m.
 Desvío a Pragueira: 300 m (lineal).
 Percorrido por praia Pragueira: 800 m.
 Desde acceso a Pragueira ata acceso a Bascuas: 1 km.
 Desvío a Bascuas: 500 m (lineal).
 Percorrido por Bascuas: 1,5 km.
 Pódese facer un percorrido de ida e volta de Magor a Bascuas, que son uns 4 km.

13-Punta Montalbo: pregues, fallas, filóns, diques, arcos, furnas, bufadoiro, pilancóns...
 O acceso a punta Montalbo é o mesmo que a Bascuas cun desvío de 800 m (lineal).
 O percorrido por punta Montalbo pode ser entre 1 e 2 km.



Bufadoiro na Punta Montalbo



Praia Pragueira e Magor




Pregamentos na praia de Bascuas



Dique de seixo en Punta Montalbo



Punta Montalbo



14-Praia Montalbo: dunas, pregamento

Desde o acceso a punta Montalbo hai 500 m ao primeiro acceso á praia e 1 km ao principal.

Percorrer a praia de Montalbo, ida e volta, son 2 km.

15-Paxariñas: praia, cantís de areíscas e neis, covas

Desde o acceso principal da praia de Montalbo ao acceso a Paxariñas hai 600 m e un desvío de pouco máis de 100 m.

O percorrido por Paxariñas, praia e cantís, e duns 800 m.

Pódese facer un percorrido: punta de Montalbo, praia de Montalbo, Paxariñas; pero logo o coche queda moi a contramán.

16-Punta Cabiastro: vistas sobre a ría de Pontevedra, O Morrazo, arquipélagos de Ons e Cíes e costa ata punta Faxilda; estratos inclinados en neis.

Da entrada a Paxariñas ao acceso a punta de Cabiastro hai 400 m. O desvío ata Cabiastro e duns 800 m (lineal) e o percorrido que se pode facer pola punta e de 1,5 km aproximadamente. ...e coa volta á estrada rematamos a ruta.



Furna nos cantís de Paxariñas



Praia Montalbo



Praia e cantís de Paxariñas



Furna nos cantís entre Paxariñas e Punta de Cabiastro



Punta Cabiastro



Punta Cabiastro